

O mércores 18 de xuño tivo lugar unha xuntanza da Mesa Xeral da Axe que estivo presidida pola Directora Xeral da Función Pública.

O primeiro punto da orde do día foi presentar un documento (en inglés, repito en inglés) aprobado o pasado 6 de maio nun consello de dialogo social europeo, sobre as **directrices multisectoriales para solucionar a violencia e o acoso de terceiros relacionados co traballo**. A situación foi tan subrealista que nada poidemos decir, o limitarse a un mero tríptico en inglés. A CIG, pediu que se traduza por parte da administración para nós poder facer unha avaliación desas medidas.

O segundo punto foi a proposta de **“Acordo sobre a orden pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos medios e tempos e a realización de outros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego de persoas con discapacidade”**.

Este punto foi aprobado por unanimidade.

O terceiro punto foi a proposta de **“Acordo sobre as liñas xerais do proxecto de R.D. polo que se desenvolve o permiso de coidado de fillo menor afectado por cangro ou enfermidade grave”**. Este acordo é imprescindible e permite modificar o artigo 49 do Estatuto Básico do Empregado Público, ampliando e facendo máis flexibles os criterios xerais para o desenvolvemento deste permiso que permitirá unha maior conciliación da vida laboral e familiar.

Este punto foi aprobado por unanimidade.

O cuarto punto foi a proposta de **“Acordo do IV Plan de Igualdade de xénero na AXE”**. **A CIG NON ASINOU** este IV Plan de Igualdade porque non se recolleron as nosas propostas, como a revisión da avaliación de postos dende unha perspectiva de xénero, identificación de postos de traballo que sinalen os riscos para a saúde reprodutiva, xestantes ou parto, a adquisición de produtos de protección con visión de xénero, establecemento de prazos para resolver solicitudes de cambio ou adaptación de posto que poña en risco o embarazo, realización de unha avaliación de riscos sicosociais con perspectiva de xénero, aumento da flexibilidade horaria en 2 horas, impartición de cursos sobre novas masculinidades, etc.

Este Plan de Igualdade ven configurado coma un estudo de diagnóstico da situación da administración en materia de igualdade, fixando coma obxetivos do mesmo a realización de enquisas, estudos de fenda de xénero e salarial, etc.

Entendemos que este IV Plan presentase con numerosas retalladas nas medidas a adoptar e que non foron capaces de executar no anterior Plan.

O quinto punto foia a proposta de **“Acordo de ordenación da negociación colectiva e asignación de RRSS para a negociación na AXE”**. Decir que a Administración incumpliu a promesa de recuperar os recursos perdidos no ano 2012. A principal novidade deste acordo é que refunde a normativa da ordenación da negociación cos recursos sindicais, e simplifica e axiliza algo os procesos a hora de solicitar recursos sindicais. A CIG asinou este acordo.

No último punto de rogos e preguntas, a **CIG dirixiuse a Directora de Función Pública** para pedir información e explicación da situación de paralise que hai, denunciando a falta de negociación dun novo acordo retributivo, o bloqueo das xubilación parciais tanto para laborais coma para persoal funcionario, a nula negociación do documento que aprobou as “Areas Funcionais”, o retraso no cobro do 0,5%, etc. A Directora non deu contestación a ningúnha das preguntas formuladas.